



PLAN DI XI TAL

CRA Ponte da Pedra

Escola de SÍSAMO

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1 Introdución

- 1.1 Datos básicos do centro
- 1.2 Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3 Breve xustificación do mesmo
- 1.4 Proceso de elaboración

2 Situación de partida

- 2.1 Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2 Fontes empregadas para a análise DAF0
- 2.3 Análise DAF0

3 Plan de Acción

- 3.1 Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2 Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4 Avaliación do PD

- 4.1 Seguimento do Plan de Acción
- 4.2 Propostas de mellora (revisión)

5 Difusión do PD

1 Introducción

1.1 Datos básicos do centro

- **Nome do centro:** ESCOLA DE SÍSAMO
- **Dirección:** Sísamo, - Carballo (A Coruña)
- **Correo electrónico:** cra.ponte.pedra@edu.xunta.gal
- **Páxina web:** <http://www.edu.xunta.gal/centros/crapontepedra/>
- **Etapas educativas:** Infantil e primaria
- **Número de alumnado:** 29
- **Número de profesorado:** 4

1.2 Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

- **Característica socioeconómicas e culturais do contexto do centro (as podemos extraer do Proxecto Educativo).**

A nivel económico, a poboación obtén os seus ingresos maioritariamente de actividades do sector terciario ou servizos e do sector secundario (industria) principalmente nos polígonos industriais do Concello de Carballo e de A Coruña. Tamén forma parte da economía familiar o traballo no sector primario (agricultura e gandería), aínda que esta actividade combínase co traballo noutros dos sectores mencionados anteriormente.

A poboación da zona está sufrindo un incremento fundamentalmente polo aumento da natalidade moi relacionado coa actividade comercial que está incrementando o nivel económico da poboación. O Concello de Carballo é un lugar de residencia elixido polas familias doutros concellos limítrofes que o escollen pola súa boa localización respecto das cidades de A Coruña e Santiago.

Se nos centramos nas características familiares trátase de familias nucleares, que se encontran aumentadas, nalgúns casos, pola presenza na vivenda familiar dos avós ou outros familiares.

- **Incardinación e contribución do PD ao Proxecto Educativo. Relación con outros Plans e proxectos do centro: traxectoria no ámbito das novas tecnoloxías, programas de innovación nos que participa.**

A contribución fundamental do Plan Dixital ao Proxecto Educativo é impulsar o desenvolvemento das competencias dixitais da Comunidade Educativa; que as TIC sirvan para achegar ao alumnado todo un mundo de posibilidades informativas, formativas e de comunicación.

O plan ten por obxecto colaborar con outros equipos de dinamización do centro Biblioteca (Plan de Continxencia, Plan de Igualdade, Plan de Bienestar emocional, Plan Europeo) para crear e apoiar proxectos conxuntos: divulgar actividades e conmemoración e actividades no

cento, crear contidos dixitais para a animación lectora...

- **Contribución do PD á Programación Xeral Anual do curso 22/23.**

O plan dixital favorecerá a consecución dos obxectivos que se establecerán na Programación Xeral anual, en especial, os que fagan referencia a:

- Dotar ao profesorado e ao alumnado de competencias dixitais.
- Impulsar metodoloxías innovadoras na procura dun desenvolvemento integral do alumnado.
- *Facilitar a comunicación coa comunidade educativa a través de diferentes canais de difusión (abalar, páxina web...)*

1.3 Breve xustificación do mesmo

A base legal sobre a que se sustenta o Plan Dixital:

- *Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación*
- *Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2*
- *Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022*

1.4 Proceso de elaboración

O equipo de dinamización do Plan Dixital ao longo do curso 2021/2022 realizou os seguintes pasos na elaboración do PD:

- Análise da competencia dixital do centro (profesorado e membros do equipo directivo) a través da Enquisa SELFIE.
- Análise da competencia dixital docente mediante o test de CDD.
- Elaboración do DAFO (Debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades)

Realización do Plan Acción, seguindo o DAFO do noso centro.

- Deseño do Plan dixital

2 Situación de partida

2.1 Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais ESPECIFICAR OS DISPOSITIVOS, OS QUE ESTÁN MAL OU OBSOLETOS E PARA QUE OS ESTADES USANDO.

- **Infraestrutura:**
 - Infraestrutura dixital do centro:
 - conectividade: Rede wifi edu.xunta.es en todas as escolas e na sede do CRA a línea ndersiega.
 - Infraestruturas de voz e de datos: Teléfono fixo e tres inalámbricos na sede (todos co mesmo número) e un teléfono fixo en cada unha das escolas.
- **Equipamento:**
 - Aulas dixitalizadas: Cada aula do centro conta cun ordenador portátil, altofalantes, un proxector e unha impresora. Utilízanse para a proxección de recursos audiovisuais, busca de información na web e para uso de recursos dixitais interactivos.
 - Proxecto E-Dixgal: Non temos
 - Equipos de xestión e administración: 3 ordenadores portátiles para a Xestión Administrativa, organizativa e actualización da páxina web.
 - Uso na biblioteca: 1 ordenador para a catalogación.
 - Equipos para uso nas salas de profesorado: Tres ordenadores na sala de mestre para a xestión e a organización da actividade docente e para a busca e elaboración de recursos e materiais.
 - Departamentos Orientación: 1 ordenador para tarefas propias do departamento: informes, tarefas administrativas...
 - Equipos ultraportátiles para aula móbil: Non temos
 - Aulas de informática: non temos
 - Dotacións para proxectos específicos: Tres ordenadores portátiles para alumnado en exclusión social e unha tablet para unha alumna con xordeira, comprada a partir dun PFP de LSE.
- **Servizos dixitais educativos:**
 - Servizos corporativos:

Páxina web do cole: Ofrece información de carácter administrativo (prazos de matrícula, solicitudes de admisión, solicitude de becas e de axudas, datos do CRA e de cadansúa escola...) información de protocolos sanitarios, información e difusión de actividades realizadas no centro (conmemoracións, excursións...)

Abalar móbil: difusión entre as familias de información administrativa, sanitaria, avisos escolares, de conmemoracións es excursións.

Comunicación entre profesorado e familias de tutorías, avisos, etc.

- Servizos non corporativos: Redes sociais para a promoción e difusión dos proxectos, actividades e conmemoracións do centro.

- **Xestión do mantemento do equipamento do centro:** O Mantemento do equipamento do centro asúmeo o equipo TICS co soporte da UAC (limitado as accións que entran dentro da súa competencias) en casos excepcionais tense que encargar do mantemento empresas externas.
- **Enlaces a protocolos do centro relacionados coas TIC (Plan de continxencia, por exemplo).**

http://www.edu.xunta.gal/centros/crapontepedra/system/files/DOCUMENTO%20AVALIACIÓN%20ORDE%20250122_0.pdf

2.2 Fontes empregadas para a análise DAFO

Autoavaliación SELFIE:

Area s	Grupos	Ensinanza s				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.	2.8				
	Profesorado	3.5				
	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	2.7				
	Profesorado	2.6				
	Alumnado					
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	3.1				
	Profesorado	3.2				
	Alumnado					
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	3.5				
	Profesorado	3.8				
	Alumnado	-				
E- Pedagogía: Apoi e Recursos	Equipo Direct.	3.5				
	Profesorado	3.3				
	Alumnado	-				
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	3.2				
	Profesorado	2.8				
	Alumnado					
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	2.3				
	Profesorado	2.1				
	Alumnado	-				
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	2.3				
	Profesorado	2.4				
	Alumnado	-				

Test CDD:

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	8	14	57,1%
PROVISIONAL	2	2	100%
INTERINO			
SUBSTITUTO	7	7	100%
OUTROS	1	1	100%

2.1 Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
66,5	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a (B1)

2.2 Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
INF	62,3	Explorador/a (A2)	68,2	Integrador/a (B1)
PRI	64,3	Explorador/a (A2)	77	Integrador/a (B1)

2.3 Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1		
A2	9	50%
B1	6	33,3%
B2	2	11,1%
C1	1	5,6%
C2		
TOTAL	18	100,00 %

2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD, o centro xerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNO S		FORTALEZA S	DEBILIDADE S
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURA S- EQUIPAMENTO	0 centro dispón de dispositivos suficientes. Bo acceso a internet.	Non contamos con sistemas de protección de datos.
	PERSOAL DOCENTE	0 profesador ten acceso a formacion DPC nas tecnoloxías dixitais. 0 profesorado busca recursos dixitais para a docencia. Empreganse tecnoloxías dixitais de comunicación dentro da comunidade educativa.	Non hai debate arredor do uso das novas tecnoloxías. 0 profesorado non emprega entornos virtuais de aprendizaxe. Non hai proxectos interdisciplinares que empreguen as tecnoloxías dixitais. Non se empregan tecnoloxías dixitais na avaliación para favorecer a retroalimentación co alumnado. Non se empregan tecnoloxías no proceso de avaliación do alumnado.
	PERSOAL NON DOCENTE		
	ALUMNADO		
	FAMILIAS		
	OFERTA		
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	Utilizamos os servizos dixitais educativos para informar ás familias (abalar, páxina web...)	0 centro non conta cunha estratexia dixital.

EXTERNO S		OPORTUNIDADES	AMEAZA S
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	A administración ofrece asistencia técnica UAC	As modalidades formativas en competencias dixitais non se axustan as necesidades do profesorado.
	LEXISLACIÓN		
	CONTORNA		
	ANPA		
	OUTRAS ENTIDADES		

3 Plan de Acción

Con independencia das necesidades ou propostas de mellora suxeridas, en cada curso escolar o Plan de Acción deberá ter en conta os recursos materiais e humanos no momento de elaboración do Plan Dixital.

Os obxectivos establecidos supoñen un punto de inicio para tratar de introducir as TIC no centro educativo tendo en conta os recursos dispoñibles, e partindo de que o catálogo dos mesmos está en constante evolución.

3.1 Obxectivos, indicadores e accións

Pasos a seguir para elaborar o Plan de Acción a partir da análise DAF0:

- Lectura e análise do noso DAFO e o Test CDD.
- Selección das áreas que precisan reforzo.
- Elaborar os obxectivos do noso plan de acción establecendo en cada un deles: os indicadores, as acción a desenvolver, os recursos necesarios, os responsables da súa posta en práctica.
- Enviar o Plan de acción as persoas responsables do equipo ADIX.
- Modificar o Plan de Acción atendendo as recomendacións do equipo ADIX.

Áreas prioritarias para establecer os obxectivos do Plan de Accións:

- Pedaxoxía: apoios e recursos (E)
- Colaboración e redes (B)

Para cada obxectivo cumprimentarase unha táboa que recolle esta información.

3.2 Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Infraestrutura: mellorar da rede WIFI da sede para facilitar ao profesorado o traballo.

Equipamento:

- Aulas dixitalizadas:

- Cambiar as 9 pantallas dixitais das escolas por pantallas interactivas para que sexa un recurso funcional e adaptado ás novas necesidades
- Renovar os 7 ordenadores das escolas
- Renovar 4 proxectores nas aulas que o precisen e na sede
- Renovar as 2 tablets que temos obsoletas e adquirir, polo menos, outras dúas.

- Dotacións para proxectos específicos:

Servizos dixitais educativos: Dispor dunha aula virtual sinxela, intuitiva e útil.

-

Xestión do mantemento do equipamento do centro: Asesoramiento técnico e específico para este tipo de tarefa.

Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

Área/s de mellora: Pedagogía: apoios e recursos (E)						
OBXECTIVO 1: (1)	Procurar e ofrecer recursos dixitais para empregar na práctica docente na etapa de EI e 1º ciclo de EP.				Acadado	
Responsable:	Equipo TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Número de recursos dixitais atopados e ofertados. Enquisa ao profesorado.					
Valor de partida: (3)	Non aplica (sen datos previos)					
Valor previsto e data: (4)	Seis recursos dixitais atopados e ofertados.			31/05/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Buscar recursos e ferramentas dixitais.	Equipo TIC	31/03/2023	Tempo e horas liberadas do equipo TIC.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Difundir as ferramentas entre o profesorado.	Equipo directivo	31/05/2023	Materiais atopados.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Valorar o uso por parte do profesorado das ferramentas.	Profesorado	31/05/2023	Enquisa.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: Colaboración e redes (B)						
OBXECTIVO 2: (1)	Reflexionar sobre o uso das TIC no contexto educativo.				Acadado	
Responsable:	Equipo directivo (xefatura de estudos)				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Número de xornadas de reflexión.					
Valor de partida: (3)	Cero encontros de reflexión.					
Valor previsto e data: (4)	Dous encontros de reflexión dixital.			31/05/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO2.1: Organizar xornadas de reflexión sobre o uso das tecnoloxías en EI e 1º ciclo de EP.	Equipo directivo.	31/10/2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.2: Recoller as achegas do profesorado sobre as TIC.	Equipo TIC	31/03/2023	Acta de rexistro.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.3: Proponer actividades a satisfacer as necesidades do profesorado.	Equipo TIC	31/05/2023	Enquisa.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

4 Avaliación do plan

4.1 Seguimento do Plan de Acción

O procedemento de seguimento do desenvolvemento do plan e da consecución de obxectivos, indicando:

- No contexto da **avaliación procesual** a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao trimestre. Os aspectos a valorar incluírán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.
- No contexto da **avaliación final** a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao ano. Os aspectos a considerar incluírán, entre outros, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

4.2 Propostas de mellora (revisión)

5 Difusión do plan

Unha vez elaborado o Plan Dixital enviarase ao claustro un correo electrónico adxuntando o documento; levarase ao claustro e ao consello e finalmente publicarase para a súa difusión á Comunidade Educativa na páxina web do Centro.